

¿Relativismo ou universalismo dos valores, normas e códigos morais?

Os **universalistas** afirman que existen principios éticos (normas e valores) **universais e atemporais**, ou sexa, independentes dos suxectos individuais ou colectivos e das épocas históricas. Para os pensadores universalistas, as normas e valores morais teñen unha pretensión de **validez universal**, é dicir, que teñen que servir para todo tempo, lugar, suxeito ou circunstancia. Estes principios éticos terían a categoría de verdades absolutas e gozarían, asemesmo, dun valor absoluto. Entre os defensores do universalismo atopamos aos filósofos gregos **Sócrates** e **Platón**.

Os **relativistas**, entre os que se contan os filósofos gregos agrupados baixo o nome de **sofistas**, como por exemplo, **Protágoras de Abdera** ou **Gorgias de Leontinos**, admiten a posibilidade de que haxa:

- **Distintas normas e valores segundo os distintos individuos:** Os **códigos morais** son **relativos** aos **individuos**. As persoas dunha mesma sociedade teñen un código moral que non é o mesmo para todas. Por este motivo, por exemplo, xuzgarán unha mesma acción de xeito diferente. Os xuízos morais son, pois, relativos ás persoas que os emiten, en función dos códigos morais propios e a escala de valores particular de cadaquén.
- **Distintas normas e valores segundo as distintas sociedades e culturas:** Os **códigos morais** son **relativos** ás diversas **sociedades e culturas**. As sociedades e culturas posúen distintos costumes, valores, pautas de comportamento e diferentes criterios morais. De aí que os xuízos morais que poden emitirse sobre un mesmo acto sexan distintos, segundo as distintas culturas. Isto é o que se chama **relativismo sociolóxico** ou **relativismo cultural**.
- **Distinta aplicación da norma (ou valoración da acción) segundo as distintas circunstancias:** O **contexto** é determinante á hora de **aplicar unha norma e valorar unha acción**. En ocasións valoramos os motivos e situacións que provocaron un tipo de comportamento e xulgamos un acto dun xeito distinto a como o xulgaríamos noutras circunstancias ou situacións distintas. Por exemplo, aínda que xeralmente aceptamos que non debemos mentir ou roubar, en circunstancias extraordinarias que se saen do común ou habitual, podemos aceptar e disculpar a mentira para non revelarlle unha grave doenza a un familiar ou a acción de roubar para comer.

En resumo, o **relativismo ético ou moral** xustifica a **diversidade de códigos morais** en base aos **diferentes contextos, circunstancias, intereses, necesidades, épocas e lugares** en que se atopan os **diversos individuos, pobos ou grupos sociais**. O relativismo considera que os códigos morais non teñen validez absoluta, por sí mesmos, senón que dependen ou son relativos a unha determinada sociedade ou época histórica que os creou.